

**Aprobado definitivamente o regulamento básico de participación cidadá, en virtude do acordo adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2000, ó non presentarse reclamacións, conforme dispón o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, modificada pola Lei 11/99, de 21 de abril, publícase integramente o seu texto, tal como dispón o apartado 2 do artigo 70 da citada lei 7/85.**

**( BOP 22 de decembro de 2000)**

## **REGULAMENTO BÁSICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

### **PREÁMBULO.**

Acolléndose ás disposicións legais vixentes (artigos 4-1 a, e capítulo IV da LRBRL o Concello de Rábade pretende desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinen e nas cales se organizan, nomeadas as asociacións veciñais e as súas federacións, as entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariais, etc. que representan o elemento vertebrado dunha colectividade.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades cidadás, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da democracia representativa. Participación e descentralización, xunto coa eficacia e a transparencia na xestión permiten a un Concello aberto e democrático impulsar unha actuación ó servizo dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socio-económico da súa vila.

Esta cooperación atopa o seu marco ideal na descentralización e na información, motivadoras do achegamento entre o cidadán e a Administración Local na procura dunha máis áxil resposta do Concello ós problemas cotiáns.

### **DISPOSICIÓN XERAIS.**

**Artigo 1º.-** O obxecto do presente regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade coa lexislación vixente.

**Artigo 2º.-** Os obxectivos que se pretenden conseguir co presente regulamento, e que teñen carácter de principios básicos son os seguintes:

- a) Facilitar a máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.
- b) Facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos establecidos pola Lei e facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da LRBRL.
- c) Crear os órganos e mecanismos que garantan as posibilidades de consultar ós veciños, de conformidade co establecido no artigo 70.3 da LRBRL.
- d) Fomentar o asociacionismo cidadán.
- e) Achegar a xestión municipal ós cidadáns.
- f) Garantir a solidariedade e equilibrio entre os distintos barrios.

## **TÍTULO 1.- DAS ENTIDADES CIDADÁS E DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS.**

### **CAPÍTULO 1.- DO REXISTRO MUNICIPAL.**

**Artigo 3º.-** O rexistro municipal de asociacións ten por obxecto permitir ó Concello coñecer o número de entidades existentes no seu territorio, facilitar as relacións entre estas e o Concello, coñecer os seus fins e a súa representatividade e peso específico, ós efectos de posibilitar o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade.

**Artigo 4º.-** Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades, legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, cuxo marco territorial de actuación sexa o Concello de Rábade, e que teñan como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns, en especial as asociacións de veciños, de pais de alumnos, entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís e estudiantís, empresariais e sindicais entre outras.

**Artigo 5º.-** Para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 72 da LRBRL e no presente regulamento, as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, será precisa á previa ou simultánea inscrición no citado Rexistro Municipal de Asociacións. Mentres tanto, a solicitude da interesada, o Concello, recoñecerá as asociacións non inscritas ó exercicio daqueles dereitos, suxeitando a condición de obter a súa inscrición no suscitado rexistro no prazo de dous meses. No caso de ser denegada a inscrición será sempre motivada.

**Artigo 6º.-**

- a) A solicitude de inscrición presentárase no Rexistro Xeral, sendo os seus datos públicos.
- b) A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións deberá realizala as entidades interesadas, debendo aportar os seguintes documentos:
  - 1.- Os estatutos da entidade.
  - 2.- Número de inscrición no rexistro xeral de asociacións e noutros rexistros públicos.
  - 3.- Domicilio social e cédula de identificación fiscal.
  - 4.-Presuposto do ano en curso.
  - 5.- Programa de actividades do ano en curso.
  - 6.- Certificación do número de socios.

**Artigo 7.-** No prazo de 15 días desde a solicitude de inscrición, salvo que este se interrompa pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considérase de alta a tódolos efectos.

**Artigo 8.-** As asociacións inscritas, están obrigadas a actualizar os datos do Rexistro, notificando cantas modificacións se producen. Toda vez, cada ano actualizarán os datos a excepción dos sinalados no número 7 do apartado b) do artigo 6. A modificación destes últimos datos deberá ser comunicada ó Concello no prazo dun mes.

No último trimestre do ano as asociacións presentarán unha memoria onde constará como mínimo a relación de actividades realizadas ou balance económico do exercicio e da súa aplicación e mailo programa de actividades e presuposto para o ano seguinte, e os datos do punto 7 do apartado b) do artigo 6.

**Artigo 9º.-** O incumprimento das obrigacións contempladas nos artigos anteriores do presente regulamento, suporá a apertura do correspondente expediente que dará lugar á baixa da entidade ou asociación cumpridora, do Rexistro Municipal, coa correspondente perda dos dereitos que da súa inscrición se derivan.

## **CAPÍTULO II- DAS ENTIDADES REXISTRADAS.**

**Artigo 10º.-** As entidades que figuren no rexistro municipal de asociacións terán os seguintes dereitos:

- Participar na xestión municipal nos termos contemplados no presente regulamento.
- Acollelse ós dereitos de iniciativa, información ou a calquera outro dereito recoñecido pola Lei e establecido no presente regulamento.
- Propoñer ós seus propios representantes en tódolos órganos que este regulamento contempla para a participación cidadá, o Pleno da

Corporación ratificará a tales representantes beneficiarios das axudas técnicas e económicas de calquera outro tipo que o Concello poida ofrecer para desenvolvemento e potenciación das súas actividades.

Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido ós veciños en xeral, as entidades a que se refire o artigo 5 teñen dereito a:

- a) Recibir no seu domicilio social, previa solicitude, as convocatorias e ordes do día dos órganos colexiados municipais.
- b) Recibir as publicacións que edite o Concello, teñan estas carácter periódico ou non.
- c) Subscribir convenios de xestión de servizos, de formación ocupacional, dinamización sociocultural ou de calquera outra modalidade co fin xeral do benestar cidadán.
- d) Acceder ó uso dos medios públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación. O uso de medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ó Concello coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes.
- e) Solicitar celebracións de audiencia pública nos termos e co alcance previsto neste regulamento.

**Artigo 11º.-** O presuposto municipal incluírá partida destinada especificamente ó fomento de asociacionismo. Nas bases de execución dos presupostos, así como no regulamento de subvencións explicitaranse os criterios obxectivos de distribución de axudas ás entidades, que deberán ser xustificadas.

En todo caso, será requisito previo a calquera percepción de subvención o estar inscrita no rexistro municipal de asociacións, e ter xustificado no prazo previsto o uso das subvencións concedidas anteriormente.

#### **CAPÍTULO IV.- DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA.**

**Artigo 12º.-** O Concello colaborará na tramitación da declaración de utilidade pública das entidades que o soliciten e reúnan as condicións establecidas na lexislación vixente.

#### **CAPÍTULO IV - DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL A FAVOR DAS ENTIDADES CIDADÁS.**

**Artigo 13º.-** As entidades cidadás inscritas no rexistro municipal de asociacións poderán ser recoñecidas polo Concello como entidades de utilidade pública municipal sempre que a súa actividade sexa de interese xeral e complementaria da propia actividade municipal na medida que o

permita a lexislación aplicable, cos alcances previstos na mesma lexislación, e leven a cabo unha acción continuada.

**Artigo 14º.-** A solicitude de recoñecemento de utilidade pública municipal poderá facerse de oficio polo goberno do Concello, a petición de calquera grupo político presente na corporación, ou a instancia da propia entidade.

**Artigo 15º.-** A instancia ou petición de declaración de utilidade pública iniciarase con petición razoada ó Sr. Alcalde e adxuntando a seguinte documentación:

1. Exposición de motivos nos que se basea a petición.
2. Informe do rexistro municipal de asociacións, cos datos actualizados da entidade solicitante.
3. Memoria das actividades realizadas desde os dous últimos anos anteriores á solicitude, debidamente xustificadas ou documentadas.

**Artigo 16º.-** Reunida a documentación e previo ditame da comisión informativa de organización e participación da comisión informativa de organización e participación e previa deliberación das áreas implicadas, elevarase a oportuna proposta ó Pleno da Corporación.

**Artigo 17º.-** Os criterios fundamentais de valoración para a declaración de utilidade pública municipal serán os seguintes:

- a) Interese xeral da entidade no ámbito do termo municipal de Rábade.
- b) Obxecto social da entidade e actividades realizadas a favor deste Concello.
- c) Ámbito de poboación afectado polas actividades da entidade, e grao de participación dos cidadáns nas mesmas.

**Artigo 18º.-** Acordado polo Pleno do Concello a declaración de utilidade pública, inscribírase esta no rexistro-municipal de asociacións, facéndose público nos Boletíns Oficiais, taboleiros de anuncios e medios de comunicación.

**Artigo 19º.-** Declarada a utilidade pública municipal unha entidade terá os seguintes dereitos:

- a) Usar deste título en tódolos documentos a continuación do nome da entidade.
- b) Poder acceder ás axudas económicas establecidas, e uso dos medios locais e medios de comunicación para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Gozar de beneficiarios fiscais que a lexislación vixente aplica a este tipo de entidades, de acordo co título primeiro da Lei Xeral Tributaria, e que figuren nas ordenanzas municipais.

**Artigo 20º.-** As entidades cidadás declaradas de utilidade pública municipal deberán presentar no primeiro trimestre de cada ano memoria das actividades realizadas no último ano, así como o programa de actividades para o ano en curso.

Deberán tamén emitir os informes de asuntos da súa competencia cando lles sexan solicitados polo Concello.

**Artigo 21º.-** A declaración de utilidade pública municipal poderá ser anulada polo Pleno do Concello, cando o incumprimento dos deberes, o mal uso dos dereitos adquiridos ou a carencia da actividade así o aconsellen.

## **TÍTULO II- DA INFORMACIÓN MUNICIPAL.**

### **CAPÍTULO I- DA INFORMACIÓN EN XERAL.**

**Artigo 22º.-** O Concello informará ós veciños da súa xestión a través dos medios de comunicación social e municipal, e mediante a edición de publicacións e bandos; taboleiros e paneis informativos, organización de actos informativos e cantos outros medios se consideren necesarios. Así mesmo recollerase a opinión dos veciños e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, inquéritos e sondaxes de opinión.

### **CAPÍTULO II.- INFORMACIÓN MUNICIPAL.**

**Artigo 23º.-** Nas dependencias da Casa do Concello existirá unha información municipal, no horario máis amplo posible, así como un rexistro coa finalidade de:

- a) Recoller as instancias, iniciativas, queixas e reclamacións que presenten os veciños ou as entidades cidadás.
- b) Canalizar e coordinar desde os distintos departamentos municipais toda a actividade relacionada coa información ó cidadán.
- c) Recabar dos distintos departamentos municipais o estado de tramitación administrativa pola que discorre cada expediente a petición do interesado.
- d) Facilitar información relativa ó funcionamento do Concello, actuacións municipais, dereitos dos cidadáns e calquera outra, ben directamente ou ben usando os medios técnicos que se implanten (teléfono do veciño, soportes informáticos de información, etc.)

**Artigo 24º.-** A obtención de copias e certificacións acreditativas de acordos municipais ou antecedentes dos mesmos, solicitarase por escrito no rexistro.

**Artigo 25º.-** As solicitudes que dirixan os veciños ou entidades a calquera órgano do Concello en pedimento de aclaracións ou actuacións municipais cursaranse necesariamente por escrito a través do rexistro e contestaranse, subministrando os documentos que se soliciten.

A administración municipal asumirá como función específica, o deber de contestación expresa.

**Artigo 26º.-** O Concello procurará a máxima difusión das convocatorias e Ordes do Día dos Plenos, Comisións Informativas e Comisión de Goberno.

**Artigo 27º.-** Serán obxecto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, así como, os que afecten ó común dos cidadáns en materia presupostaria, fiscal, urbanística e social. No mesmo consenso serán obxecto de divulgación específica no seu ámbito de aplicación aquelas actuacións ou plans municipais que afecten á maior parte dos cidadáns.

### **TÍTULO III.- DA INICIATIVA CIDADÁ**

**Artigo 28º.-** Entenderase por iniciativa cidadá as propostas presentadas por veciños ou entidades cívicas, con suficiente grao de elaboración como para ser executables, e nas que os interesados leven a cabo unha aportación no desenvolvemento das mesmas.

**Artigo 29º.-** A iniciativa será presentada por escrito dirixido ó Alcalde e nela deberán figurar os datos de identificación de quen realice a proposta e no seu caso a asociación a quen representa.

Na avaliación das iniciativas o Concello considerará os criterios de interese público da proposta e a aportación dos solicitantes.

**Artigo 30º.-** Informarase ós solicitantes do trámite a seguir pola proposta. En todo caso a resolución comunicarse ós interesados.

**Artigo 31º.-** En caso de carencia presupostaria, deberán incluírse na seguinte transferencia de crédito as partidas necesarias para a realización das propostas aprobadas ou ben, figurarán nos presupostos do ano seguinte.

### **TÍTULO IV.- DA CONSULTA CIDADÁ.**

**Artigo 32º.-** O Concello de acordo co artigo 71 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños, excepto os relativos á Facenda Local.

**Artigo 33º.-** A consulta cidadá en tódolos casos contemplará o dereito de tódolos cidadáns censados a ser consultados e a que a consulta exprese as posibles solucións alternativas coa máxima información posible, escrita e gráfica.

**Artigo 34º.-**

1. Corresponde ó Concello realizar os trámites pertinentes para celebrar a consulta cidadá sobre materias da súa competencia.
2. Tamén se poderá celebrar consulta cidadá a petición colectiva asinada por un mínimo de veciños non inferior ó 8% do Censo Electoral Municipal previa resolución dos acordos interesados. Todo o que non prevé este artigo regularase polo disposto na Lexislación estatal ou da Comunidade Autónoma, especialmente a Lei Orgánica 2/1980 de 18 de xaneiro, reguladora das diferentes modalidades de referendo.

## **TÍTULO V.- DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS.**

### **CAPÍTULO I.- DOS CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN.**

**Artigo 35º.-** Os representantes das diversas entidades, colectivos de interesados ou veciños poden intervir naquelas comisións informativas nas que figuren asuntos que afecten a estes colectivos na Orde do Día, sempre que o soliciten previamente da Alcaldía Presidencia, especificando de modo xustificado representación e motivo. Tamén poderán asistir por invitación expresa do presidente da comisión.

**Artigo 36º.-** A Comisión de Goberno, se o considera oportuno, poderá convocar ás súas sesións, ós representantes das entidades cidadás para a defensa dos intereses xerais ou dos veciños.

**Artigo 37º.-** Calquera entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións ou veciños directamente afectados por asuntos do seu propio interese poderá manifestar a súa opinión sobre temas de especial transcendencia das sesións do Pleno da Corporación, mediante escrito dirixido ó Ilmo. Sr. Alcalde con 48 horas de antelación ou previa consulta ó pleno se o asunto fose de urxencia. O texto do escrito incorporarase á acta no expediente correspondente.

### **CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS ESPECÍFICOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

**Artigo 38º.-** Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos Municipais de Área ou Sectoriais e os Consellos Territoriais, que teñen como obxecto canalizar a participación das entidades cidadás na vida municipal.

**Artigo 39º.-** Os Concellos Municipais de área ou sector son órganos de participación, información, seguimento e proposta á xestión municipal, referida ós distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia.

**Artigo 40º.-** Os Consellos municipais de área ou sector crearanse por acordo Plenario da Corporación, nas seguintes áreas individuais ou conxuntas de actuación municipal ou sector: Urbanismo, saúde, cultura, escolar, deporte, seguridade, económico, benestar social, muller e medio ambiente e xuventude.

**Artigo 41º.-** “Ademais dos Consellos referidos no artigo anterior poderanse constituír outros que se consideren oportunos previo ditame da comisión informativa de organización e participación e a proposta da Concellería-Delegada de área de relacións cidadás ou de calquera entidade”.

**Artigo 42º.-** “Os Consellos municipais de área ou sector regularanse pola lexislación aplicable, o presente regulamento e as normas complementarias que aprobe o Pleno da Corporación a proposta da Delegación de Relacións Cidadás e previo ditame da Comisión.

**Artigo 43º.-** En todo caso a composición dos consellos municipais contará sempre con:

- Un presidente: O Alcalde, ou persoa en quen delegue.
- Un representante pola asociación do sector afectado.
- Un membro de cada grupo municipal da oposición existente na Corporación.

**Artigo 44º.-** Ademais do disposto na lexislación sectorial aplicable serán en todo caso facultade dos consellos municipais de área ou sector:

- a) Presentar iniciativas propostas ou suxerencias ó Concello para ser discutidas nas Comisións Informativas Municipais correspondentes, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento dos órganos municipais, empresas prestatarias de servizos dentro da súa área de actuación.
- b) Discutir o programa anual de actuación, e estudar o proposto.

- c) Ser informados dos ditames aprobados polas comisións informativas, e no seu caso, dos acordos adoptados pola Comisión de goberno, Alcaldía e Pleno, respecto daqueles temas de interese para eles, facilitándose ademais o acceso ós expedientes correspondentes.
- d) Ser consultados no caso en que os órganos municipais debatan e aproben asuntos de especial incidencia no sector no que se trate.

## **TÍTULO VI.- DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, EMPRESAS E SERVIZOS MUNICIPAIS.**

*Artigo 45º.-* Nos Estatutos dos Institutos, Fundacións ou calquera outro organismo autónomo municipal, contemplarase a participación das entidades cidadás mediante os seus representantes, cos mesmos dereitos e deberes que os demais membros do organismo.

*Artigo 46º.-* A representación das entidades cidadás nos órganos autónomos será distribuída entre as asociacións sectoriais representativas que cumpran o artigo 5 do presente regulamento, contando cando menos un membro da Federación de Asociacións Veciñais”.

*Artigo 47º.-* “Nos órganos rectores das empresas municipais e mixtas estarán presentes representantes do movemento cidadán. Así mesmo, poderán constituírse comisións de seguimento dos Organismos Autónomos que prestan servizos por xestión indirecta, con representación das asociacións sectoriais”.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:**

#### **PRIMEIRA:**

O Concello avaliará o desenvolvemento das experiencias participativas contempladas neste regulamento, transcorrido un ano a partir da data na que entre en vigor.

#### **SEGUNDA:**

No prazo de dous meses a partir da aprobación definitiva do presente regulamento revisarase o rexistro municipal de asociacións á luz do establecido no mesmo, e divulgarase a necesidade de inscrición no de tódalas entidades.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

O presente regulamento queda aberto a todas aquelas modificacións que tralo estudo pertinente e previa consulta coas entidades cidadás acorde o Pleno da Corporación.

**Rábade, a 14 de decembro de 2000.**

**O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.**